



MANUEL IRADIER BULFY

VITORIA, ARABA/ÁLABA, 1854 - VALSAÍN, SEGOVIA, 1911

Aos catorce anos, Manuel Iradier, facéndose eco da febre africana que percorría o continente, anunciou en público durante unha conferencia os seus plans para internarse na África Ecuatorial, un proxecto que compartiu co famoso explorador Henry Stanley, quen estaba a cubrir a guerra carlista para *The New York Herald*. En 1873 cumpriu, por fin, o seu soño e desprazouse ao continente negro. A experiencia desa estadía de catro anos coa súa familia –pola que pagou o prezo da morte dunha filla por mor da malaria– quedou reflectida no aínda hoxe impresionante *África tropical*. Uns anos despois, tras conseguir máis financiamento, volveu á zona. Froito desa segunda viaxe foi a anexión a España do que hoxe é Guinea Ecuatorial. Ao seu regreso dedicouse a desenvolver varios inventos (un contador de auga automático, unha mellora tipográfica, accesorios de fotografía) e interesouse pola astronomía (mantivo unha nutrida correspondencia con Camille Flammarion). Iradier, un auténtico personaxe verniano, destacou entre os seus contemporáneos polo seu enorme respecto polos pobos e culturas autóctonas. Morreu a consecuencia dos problemas de saúde que arrastraba dende as súas aventuras africanas.

VITORIA, ÁLAVA, 1854 - VALSAÍN, SEGOVIA, 1911

A los catorce años, Manuel Iradier, haciéndose eco de la fiebre africana que recorría el continente, anunció en público durante una conferencia sus planes para adentrarse en el África Ecuatorial, un proyecto que compartió con el famoso explorador Henry Stanley, quien estaba cubriendo la guerra carlista para el *The New York Herald*. En 1873 cumplió, por fin, su sueño y se desplazó al continente negro. La experiencia de esa estancia de cuatro años con su familia –por la que pagó el precio de la muerte de una hija por la malaria– quedó reflejada en el aún hoy impresionante *África tropical*. Unos años después, tras conseguir más financiación, volvió a la zona. Fruto de ese segundo viaje fue la anexión a España de lo que hoy es Guinea Ecuatorial. A su regreso se dedicó a desarrollar varios inventos (un contador de agua automático, una mejora tipográfica, accesorios de fotografía) y se interesó por la astronomía (mantuvo una nutrida correspondencia con Camille Flammarion). Iradier, un auténtico personaje verniano, destacó entre sus contemporáneos por su enorme respeto por los pueblos y culturas autóctonas. Murió a consecuencia de los problemas de salud que arrastraba desde sus aventuras africanas.



LUIS SALVADOR DE AUSTRIA

FLORENCIA, ITALIA, 1847 - BRANDEIS, REPÚBLICA CHECA, 1915

O arquiduque Luis Salvador de Austria foi un erudito de vida errante e novelesca; un viaxeiro romántico que percorreu os cinco continentes. Aínda que consideraba que o seu verdadeiro fogar era o iate *Nixe*, residiu temporalmente en Mallorca, Trieste e Alexandría. A súa predilección polo Mediterráneo puido deberse a misións secretas encargadas polo emperador austro-húngaro, pero o seu vínculo persoal con esas terras foi moito máis alá do interese estratéxico. Científico positivista, debuxante e escritor, publicou máis de sesenta obras escritas en francés, alemán, checo, español, italiano e catalán. A súa figura é especialmente recordada en Mallorca, onde estableceu un pequeno e extravagante reino na posesión de Miramar, próxima a Vallde-mossa. Dende alí emprendeu o estudo exhaustivo da fauna, flora, arquitectura, antropoloxía e historia das Illes Balears, un labor monumental que quedou reflectido nos nove tomos de *Die Balearen in Wort und Bild Geschildert* (1869-1891). Xulio Verne coñecía o arquiduque e consultou a súa obra para documentar as localizacións das novelas *Clovis Dardentor*, parte de cuxa trama se desenvolve en Mallorca, e *Héctor Servadac*, na que aparece a illa de Formentera, cuxa xeografía lembra a imaxinaria illa Lincoln, a *illa misteriosa*.

FLORENCIA, ITALIA, 1847 - BRANDEIS, REPÚBLICA CHECA, 1915

El archiduque Luis Salvador de Austria fue un erudito de vida errante y novelesca; un viajero romántico que recorrió los cinco continentes. Aunque consideraba que su verdadero hogar era el yate *Nixe*, residió temporalmente en Mallorca, Trieste y Alejandría. Su predilección por el Mediterráneo pudo deberse a misiones secretas encargadas por el emperador austro húngaro, pero su vínculo personal con esas tierras fue mucho más allá del interés estratégico. Científico positivista, dibujante y escritor, publicó más de sesenta obras escritas en francés, alemán, checo, español, italiano y catalán. Su figura es especialmente recordada en Mallorca, donde estableció un pequeño y extravagante reino en la posesión de Miramar, cercana a Valldemossa. Desde allí emprendió el estudio exhaustivo de la fauna, flora, arquitectura, antropología e historia de las Islas Baleares, una labor monumental que quedó reflejada en los nueve tomos de *Die Balearen in Wort und Bild geschildert* (1869-1891). Julio Verne conocía al archiduque y consultó su obra para documentar las localizaciones de las novelas *Clovis Dardentor*, una parte de cuya trama se desarrolla en Mallorca, y *Héctor Servadac*, en la que aparece la isla de Formentera, cuya geografía recuerda a la imaginaria isla Lincoln, la *isla misteriosa*.



JULIO CERVERA BAVIERA

SEGORBE, CASTELLÓ, 1854 - MADRID, 1927

Julio Cervera Baviera podería ser o protagonista dun libro de Verne. Militar co grao de comandante e enxeñeiro –estudou Ciencias físicas na Universidade de Valencia–, liberal e masón, observaba preocupado a decadencia española e chamaba a poñerlle remedio. Tomou parte na exploración e colonización activa do Norte de África, onde participou en varias expedicións, entre elas a científica de 1886, que dirixiu, e na que interviñeron o xeólogo Francisco Quiroga e o intérprete Felipe Rizzo. Tras pasar polo cárcere por criticar a desidia do Goberno español con respecto a Marrocos, en 1898 encargouse da defensa de Guamaní, Porto Rico, durante a guerra entre España e Estados Unidos. Ao seu regreso, os seus intereses variaron, e decidiu apostar pola innovación tecnolóxica. Despois de traballar tres meses con Marconi, en 1902 fixo unhas probas que, segundo algúns estudosos, conseguirían transmitir a voz sen cables entre Alacant e Eivissa, o que sería a primeira demostración exitosa da radio. Máis tarde, fundou a Internacional Institución Electro-técnica para formar enxeñeiros por correspondencia. Non obstante, o seu intenso activismo polo Partido Republicano Radical fixo que fose postergado e as súas contribucións esquecidas.

SEGORBE, CASTELLÓN, 1854 - MADRID, 1927

Julio Cervera Baviera podría haber sido el protagonista de un libro de Verne. Militar con el grado de comandante e ingeniero –estudió Ciencias Físicas en la Universidad de Valencia–, liberal y masón, observaba preocupado la decadencia española y llamaba a ponerle remedio. Tomó parte en la exploración y colonización activa del Norte de África, donde participó en varias expediciones, entre ellas la científica de 1886, que dirigió, y en la que intervinieron el geólogo Francisco Quiroga y el intérprete Felipe Rizzo. Tras pasar por la cárcel por criticar la desidia del Gobierno español con respecto a Marruecos, en 1898 se encargó de la defensa de Guamaní, Puerto Rico, durante la guerra entre España y Estados Unidos. A su regreso, sus intereses variaron, y decidió apostar por la innovación tecnológica. Después de trabajar tres meses con Marconi, en 1902 hizo unas pruebas que, según algunos estudiosos, habrían conseguido transmitir la voz sin cables entre Alicante e Ibiza, lo que habría sido la primera demostración exitosa de la radio. Más tarde, fundó la Internacional Institución Electrotécnica para formar ingenieros por correspondencia. Sin embargo, su intenso activismo por el Partido Republicano Radical hizo que fuera postergado y sus contribuciones olvidadas.